

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:09 horas do día 18/11/22, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D^a, ANA M^a MEJIAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D^a IRIA LAMAS** en substitución de **NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D^a M^a VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D^a MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 21/10/2022

2.- DAR CONTA DA APROBACION DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA IMPULSAR A FORMACION DE MULLERES EN POSTOS DE TÉCNICAS E ADESTRADORAS NO ÁMBITO DEPORTIVO NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022

O obxecto desta convocatoria é fixar as bases reguladoras das axudas destinadas a mulleres empadroadas na provincia de Pontevedra para financiar estudos que lles dean acceso aos postos de adestradora ou de técnica en clubs deportivos.

Poderán beneficiarse desta convocatoria as mulleres que estean empadroadas na provincia de Pontevedra polo menos desde o 1 de xaneiro de 2022. O prazo para presentación de solicitudes finalizará o 01 de decembro de 2022

A contía total ascende a 25.000,00 € en procedemento de concorrencia non competitiva.

4.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:10 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

